

I. DISPOSICIÓN XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

2388 *Corrección de erros da Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.*

Advertidos erros na Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 21, do 24 de xaneiro de 2020, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

1. Na páxina 6, no punto 4, onde di: «4. Ás importacións e exportacións de enerxía de ou cara a países terceiros non membros da Unión Europea seralles de aplicación a peaxe 6.4TD», debe dicir: «4. Ás importacións e exportacións de enerxía previstas nos números 1.c) e 1.d) do artigo 2 seralles de aplicación a peaxe 6.4TD».

2. Na páxina 12, na letra b), onde di: «... a potencia demandada supere en calquera período horario o 105 por 100 da potencia contratada...», debe dicir: «... a potencia demandada supere en calquera período horario o 100 por 100 da potencia contratada...».

3. Na páxina 12, no número 1) da letra b), debe substituírse a fórmula:

$$\ll F_{EP} = \sum_{p=1}^{p=i} t_p \times 2 \times (Pd_j - 1,05 \times Pc_p) \gg$$

pola seguinte:

$$\ll F_{EP} = \sum_p t_p \times 2 \times (Pd_j - Pc_p) \gg$$

4. Na páxina 12, no número 5, detectouse unha errata nas referencias ás importacións e exportacións de enerxía, onde di: «... as importacións e exportacións referenciadas nos artigos 2.c) e 2.d).», debe dicir: «... as importacións e exportacións referenciadas nos números 1.c) e 1.d).».